

## Plan de Pensiones de Empleados de Banco Urquijo

Tras meses de negociación e para concluír coa integración do Plan de Pensiones de Empleados de Banco Urquijo (PPBU) no Plan de Pensiones de Empleados de Banco Sabadell (PPEBS), o pasado 27 de marzo asinamos o novo Regulamento e as normas de funcionamento do Multifondo 2000 FP e do GM Pensiones FP, co que desde o 1 de abril só existe un plan, o PPEBS, como esixe a lexislación vixente, con patrimonio en dous fondos.

O acordo parte do principio de manter os mesmos dereitos dos diferentes colectivos e os sistemas de xubilación dos traballadores de banca anteriores ao 8 de marzo de 1980 que seguen sendo de prestación definida para os empregados procedentes de Banco Sabadell e de achega definida para os procedentes de Banco Urquijo; así mesmo, unifícanse as condicións de todos os traballadores posteriores ao 8 de marzo de 1980.

As propostas realizadas por CCOO quedan recollidas no novo acordo, que consideramos positivo, e os elementos máis importantes son os seguintes:

- O plan instrumentase mediante dous fondos de pensiones que permitirán unha mellor xestión:

- **Multifondo 2000:** ata a data canalizaba todo o patrimonio do PPEBS, agora só terá os dereitos consolidados para facer fronte ás prestacións definidas polo convenio para a xubilación dos empregados con antigüidade na banca anterior a marzo de 1980 (Colectivos A) e instrumentar a póliza de riscos para cubrir as continxencias de incapacidade permanente e falecemento de todos os traballadores.

- **GM Pensiones:** era o fondo que mantiña o patrimonio do PPBU; terá os dereitos consolidados provenientes das achegas definidas pactadas para o Colectivo B (todos os empregados) e ademais as do Colectivo C (empregados procedentes do BU con antigüidade na banca anterior ao 8 de marzo de 1980).

- Detállanse as empresas (Banco Sabadell e filiais ao 100% con condicións de Convenio de Banca) que forman parte como "Promotor" deste Plan de Pensiones e, en consecuencia, que traballadores teñen dereito a estar adheridos ao Plan.

- A política de investimentos contará sempre con, polo menos, a aprobación de:

- A metade dos representantes do promotor no caso de Multifondo 2000 por canalizar a prestación definida.

- A metade dos representantes dos partícipes e beneficiarios no caso de GM Pensiones por ter as achegas definidas.

- Posibilidade de asignar porcentaxe de dereitos consolidados a distintos beneficiarios, en caso de falecemento dun partícipe que teña achega definida.

- Poder contar nas reunións da Comisión de Control con asesores externos para buscar sempre o óptimo desenvolvemento do plan e/ou dos fondos.


Quedan por realizar as bases técnicas, que plasmarán en fórmulas o Regulamento do Plan e que desenvolverá un actuario. A aprobación das bases permitirá agrupar os dereitos consolidados polas súas características nos dous fondos antes citados.

Tamén se han de desenvolver as políticas de investimento co obxectivo de mellorar a xestión dos dous fondos, así como realizar un contrato coa xestora no que se estableza unha comisión de éxito, en función duns parámetros que permitan valorar a xestión realizada.

Quedamos á vosa disposición para aclarar calquera dúbida ao respecto.

Abril de 2008

Conéctate á nosa web: **People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>**

Boletín de afiliación	Enviar a ►	<b>0901 – 0105 CC.OO.</b>	Sinatura
Nome _____		Ofi.: _____	
Domicilio _____			
Poboación _____		C.P.: _____	
Cta. de cargo _____			
			DNI _____ Data / / _____
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como –en todo caso– á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <a href="http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html">http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html</a>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<a href="http://www.ccoo.es">http://www.ccoo.es</a>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a <a href="mailto:lodp@cco.es">lodp@cco.es</a> ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>			